| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Dereito Procesual Civil | | Código | 612G01033 |
| Titulación | | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| 1º e 2º Ciclo | 1º cuadrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | Castelán | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Dereito Público | | |
| Coordinación | Soto Díaz, David José | Correo electrónico | david.sdiaz@udc.es |
| Profesorado | Camara Ruiz, Juan<br>Ferreiro Baamonde, Xulio<br>Grandal Rodríguez, María Eva<br>Soto Díaz, David José | Correo electrónico | juan.camara@udc.es<br>xulio.ferreiro@udc.es<br>e.grandalr@udc.es<br>david.sdiaz@udc.es |
| Web | moodle.udc.es | | |
| Descrición xeral | Mediante o Proceso Civil os particulares pódense defender das perturbacións que sufran nos seus intereses privados, sen prexuízo de que son posibles outros medios alternativos á xurisdición, como a mediación e a arbitraxe. O proceso civil está rexido pola oportunidade, polo que na súa base encóntranse os dereitos subxectivos e a autonomía da vontade. En ocasións, tamén se utiliza para tutelar algúns intereses públicos, como ocorre nalgunhas cuestións matrimoniais, de paternidade, filiación ou incapacitación.<br>A docencia que se imparte nesta materia persegue, principalmente, a adquisición polo/a estudante dun grao axeitado de coñecementos sobre as principais institucións do proceso civil. Concretamente: a) Os principios constitucionais relativos ao Proceso Civil; b) A tutela xudicial efectiva; c) A función do Dereito procesual civil como instrumento de resolución de conflitos entre particulares; d) Os procedementos ordinarios ; e) A tutela cautelar ; f) O sistema de recursos; g) Os procesos especiais; h) O proceso de execución. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.<br>Coñecemento dos principios e valores constitucionais.<br>Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5<br>A6<br>A7<br>A8 | B2<br>B3<br>B5 | C5<br>C6<br>C8 |
| Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).<br>Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.<br>Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.<br>Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).<br>Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.<br>Capacidade de elaboración de normas. | A9<br>A10<br>A11<br>A12<br>A13<br>A14<br>A15 | B7<br>B8<br>B12<br>B13 | C1<br>C2<br>C3 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.<br>Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.<br>Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.<br>Traballar de forma colaborativa.<br>Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.<br>Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.<br>Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión | | B9<br>B10<br>B11 | C4<br>C5<br>C7<br>C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| I. INTRODUCIÓN | 1. Fontes do Dereito procesual civil.<br>2. Principios informadores do proceso civil.<br>3. Clases de tutela xurisdicional.<br>4. Os mecanismos alternativos de resolución de conflitos.<br>5. A xurisdición voluntaria. |
| II. AS PARTES | 1. Capacidade para ser parte.<br>2. Capacidade procesual.<br>3. Representación e as súas clases.<br>4. A lexitimación.<br>5. A sucesión procesual.<br>6. Pluralidade de partes |
| III. OS TRIBUNAIS E A SÚA COMPETENCIA | 1. A organización da orde xurisdicional civil en España.<br>2. Límites da xurisdición española.<br>3. A competencia.<br>4. A declinatoria.<br>4. O reparto de asuntos. |
| IV. O OBXECTO DO PROCESO | 1. Concepto e relevancia técnico-xurídica.<br>2. A pluralidade de obxectos. |
| V. A DEMANDA E O INICIO DO PROCESO | 1. Actos previos ao proceso.<br>2. A demanda.<br>3. A contestación á demanda. Outras actitudes do demandado.<br>4. A audiencia previa ao xuízo |
| VI. A PROBA | 1. Concepto e natureza xurídica.<br>2. Procedemento probatorio.<br>3. As presuncións.<br>4. A carga da proba.<br>5. O interrogatorio das partes.<br>6. A proba documental.<br>7. A proba pericial.<br>8. O recoñecemento xudicial.<br>9. A proba testemuñal.<br>10. A proba tecnolóxica. |

| | |
|---|---|
| VII. A SENTENZA E OUTROS MODOS DE TERMINACIÓN DO PROCESO | 1. Concepto, clases e requisitos.<br>2. A cousa xulgada.<br>3. O achantamento.<br>4. A renuncia.<br>5. A transacción.<br>6. O desestimento.<br>7 A caducidade da instancia.<br>8. A satisfacción extraprocesual. |
| VIII. OS MEDIOS DE IMPUGNACIÓN | 1. Clases de recursos.<br>2. Requisitos dos recursos.<br>3. Os recursos contra resolucións do Letrado da Administración de Xustiza.<br>4. A apelación.<br>5. O recurso extraordinario por infracción procesual.<br>6. A casación.<br>7. A impugnación da cousa xulgada: A revisión de sentenzas firmes, a rescición de sentenzas firmes eo incidente de nulidade posterior á resolución firme. |
| IX. OS PROCESOS DECLARATIVOS | 1. Clases de procesos declarativos.<br>2. O xuízo ordinario.<br>3. O xuízo verbal.<br>4. As custas procesuais. |
| X. O PROCESO DE EXECUCIÓN | 1. Concepto, fundamentos, principios.<br>2. Títulos executivos.<br>3. As partes.<br>4. O procedemento.<br>5. Execución de prestacións diñeirarias.<br>6. Execución de prestacións non diñeirarias. |
| XI. A TUTELA XUDICIAL CAUTELAR | 1. Características das medidas cautelares.<br>2. Presupostos das medidas cautelares.<br>3. Procedemento. |
| XII. OS PROCESOS ESPECIAIS | 1. Os procedementos monitorio e cambiario.<br>2. A división xudicial de patrimonios.<br>3. O concurso de acredores.<br>4. Os procesos non dispositivos. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Discusión dirixida | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B2 B3 B5 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 15 | 0 | 15 |
| Presentación oral | A1 A8 A9 A11 A12 | 6 | 18 | 24 |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A4 A5 A9 C2 | 5 | 68 | 73 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A5 A6 | 21 | 0 | 21 |
| Traballos tutelados | A14 B7 B8 B9 B10 B2 B3 B5 C1 C2 | 6 | 6 | 12 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Atención personalizada | | 5 | 0 | 5 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Discusión dirixida | A discusión dirixida é una ferramenta que propicia a intervención do alumnado en clase a partir dun tema proposto sobre as materias que se están a impartir e, normalmente, de actualidade. Así mesmo provoca que o alumnado busque solucións de xeito rápida a partir do coñecemento adquirido nas sesions anteriores |
| Presentación oral | A presentación oral é unha técnica tanto para exposición oral dos casos resoltos coma para exposición oral de partes da materia. |
| Proba mixta | Para a evaliación do alumnado ademais do que supón a avaliación continua durante o desenvolvemento do modulo tense en conta o resultado dunha proba mixta que, se ben pode variar dun curso a outro, basicamente está composta de preguntas tipo test, preguntas curtas, algunha pregunta a desenrolar e a resolución de casos prácticos. |
| Sesión maxistral | As clases presenciais desenrólanse a partir dunhas sesións teóricas baseadas na lección maxistral. Despois utilízanse outras técnicas como as discusións dirixidas ou as presentacións orais |
| Traballos tutelados | Coa preparación de traballos polo alumnado pretendese que vaia adquirendo a tecnica da investigación e o aprendizaxe autonomo. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados<br>Proba mixta<br>Presentación oral | A atención personalizada é recomendábel, tanto para aclarar dúbidas en canto aos contidos, como en canto á avaliación. Poderase facer no horario de titorías do profesorado, ora presencialmente na Área de Dereito procesual, ora telemáticamente, previa cita a través de Teams, ou polas canles establecidas ao efecto no Campus Virtual. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Traballos tutelados | A14 B7 B8 B9 B10 B2 B3 B5 C1 C2 | A valoración dos traballos tutelados dependerá da calidade, interese, rigor e corrección dos mesmos | 8 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A5 A6 | A valoración da sesión maxistral consistirá na asistencia habitual ás clases presenciais e na participación nos debates dirixidos e na resposta ás cuestións formuladas | 3 |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A4 A5 A9 C2 | Tal e como se expuxo no apartado das metodoloxías a proba conxunta pode estar constituída por varios capítulos: preguntas tipo test, curtas, a desenrolar, caso práctico, etc. Dependendo da configuración do exame concreto farase unha ponderación dos resultados de todas as cuestións | 65 |
| Presentación oral | A1 A8 A9 A11 A12 | Para a cualificación da presentación oral valorarase, principalmente, a calidade do traballo presentado ou a do caso resolto. Así mesmo, terase en conta a claridade na exposición e a corrección na argumentación e nas respostas ás cuestións formuladas | 20 |
| Discusión dirixida | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B2 B3 B5 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | A valoración da discusión dirixida consistirá na asistencia habitual as clases presenciais e na participación dos mesmos | 4 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|---|

Para a superación da materia será
requisito imprescindible aprobar a proba mixta (nota igual ou superior a 5.0). A nota resultante servirá para
facer a media ponderada co resto das cualificacións. En caso de non aprobarse a proba mixta, a nota final será a que se obteña nesta.
Na segunda oportunidade manterase a nota da parte práctica da primeira oportunidade.
O alumnado con dispensa académica deberá presentar as prácticas puntual e regularmente por escrito, logo de xustificar a situación de dispensa.

O exame será tipo test e conterá entre 20 e 40 preguntas, con catro opcións. As respostas erróneas restarán.

En caso de plaxio ou de realización de traballos utilizando ferramentas de intelixencia artificial na parte práctica, suspenderase a asignatura na convocatoria ordinaria, cunha cualificación de suspenso (nota numérica 0).

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Lei de axuizamento civil (dispoñible en varias editoriais: Colex, Tecnos, Aranzadi, Civitas)- ORTELLS RAMOS, M., CAMARA RUIZ, J., MARTIN PASTOR, J., CUCARELLA GALIANA, L., JUAN SANCHEZ, R., BONET NAVARRO, J., BELLIDO PENADES, R., MASCARELL NAVARRO, Mª. J., ARMENGOT VILAPLANA, A., Derecho Procesal Civil, Aranzadi, Cizur Menor (última edición).- PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A-J., y SEOANE SPIEGELBERG, J.L., Derecho Procesal Civil.2 tomos, Andavira, Santiago de Compostela, (última edición).- GIMENO SENDRA, V., Derecho Procesal Civil. Colex, (última edición).- DE LA OLIVA, A., ARAGONESES, S., HINOJOSA, R., MUERZA, J. y TOME, J.A., Derecho procesal civil. ECERA (última edición). |
| **Bibliografía complementaria** | Bibliografía complementaria: MONTERO AROCA, J., GOMEZ COLOMER, J.L., MONTON REDONDO, A. y BARONA VILAR, S., Derecho Jurisdiccional. Proceso Civil, Tirant lo Blanch, Valencia, última edición. CORTÉS DOMINGUEZ, V. y MORENO CATENA, V., Derecho Procesal Civil, Tirant lo Blanch, Valencia, última edición. Recursos web: BIBLIOTECA UDC: http://www.udc.es/biblioteca/ BOE: http://www.boe.es/ DOGA: http://www.xunta.es/dog/ BASE DE DATOS ARANZADI: http://www.westlaw.es/westlaw/ (só pode consultarse a través da UDC) |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Dereito da persoa/612G01007<br>Dereito da Empresa/612G01011<br>Dereito de familia/612G01013<br>Constitución e poder xudicial/612G01014<br>Dereito Mercantil: Dereito de sociedades e de títulos-valores/612G01022<br>Dereito da Contratación/612G01024<br>Dereitos Reais/612G01027 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| Dereito Internacional Privado/612G01032<br>Dereito de Sucesións/612G01034<br>Dereito Mercantil: Contratos empresariais. Dereito concursal e dereito marítimo/612G01035 |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**